



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Novembro 2020


Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en novembro de 2020 un retroceso do 4,9% con respecto a novembro de 2019, mentres que a nivel nacional houbo un retroceso do 2,0%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e os bens de equipo creceron un 4,3% e 1,3% respectivamente. Pola contra, os bens intermedios e a enerxía decreceron un 1,9% e un 23,3% respectivamente.
- Por ramas de actividade as achegas negativas mais destacables corresponden á “producción de enerxía eléctrica” que restou 4,8 puntos, seguida da “fabricación de produtos metálicos” que resta 2,4 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria”, que minora 0,7 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan: a “fabricación de vehículos de motor” que engade 2,2 puntos, a “confección de roupa de vestir” que engade 0,7 puntos e a “industria da alimentación” xunto coa “fabricación de material e equipamento eléctrico”, a “fabricación de material e equipamento eléctrico” e a “fabricación doutro material de transporte” que engaden 0,4 puntos, cada unha delas, á taxa interanual do índice xeral.

Índice de producción industrial (IPI). Novembro 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de novembro de 2020 en Galicia rexistrou un retroceso do 4,9% en taxa interanual, empeorando en 2,0 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-2,9%). En España, rexistrouse un retroceso do 2,0%, inda que mellorando en 4,1 puntos a taxa acadada no mes anterior (-6,2%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 4,3%, o que suma 1,0 puntos á taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 1,3%, o que suma 0,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** baixan un 1,9%, cunha repercusión negativa de 0,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 23,3% restando 5,7 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de outubro de 2020, por destino económico, os bens de consumo melloran 14,1 puntos, os bens de equipo empeoran 4,6 puntos, os bens intermedios melloran 2,4 puntos e a enerxía empeora 20,9 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


Atendendo ás distintas ramas industriais, no que respecta a repercusións negativas (-9,8 puntos) de 15 ramas, as máis destacables foron: a “produción de enerxía eléctrica” que restou 4,8 puntos, seguida da “fabricación de produtos metálicos” que resta 2,4 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria”, que minora 0,7 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas, (5,0 puntos) de 11 ramas, destacan: a “fabricación de vehículos de motor” que engade 2,2 puntos, a “confección de roupa de vestir” que engade 0,7 puntos e a “industria da alimentación” xunto coa “fabricación de material e equipamento eléctrico”, a “fabricación de material e equipamento eléctrico” e a “fabricación doutro material de transporte” que engaden 0,4 puntos, cada unha delas, á taxa interanual do índice xeral.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de novembro moveuse entre o 26,4% de Extremadura e o -15,8% de Baleares. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Murcia (4,6%), Comunitat Valenciana (4,5%), Castilla y León (1,7%), La Rioja (1,3%), Cantabria (1,1%) e Cataluña (0,7%).

IPI novembro 2020 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	109,9	-4,9	-9,3	--	--
Bens de consumo	120,4	4,3	-11,0	1,0	-2,9
Bens de equipo	118,2	1,3	-10,5	0,3	-2,7
Bens intermedios	121,2	-1,9	-7,9	-0,5	-2,2
Energía	81,9	-23,3	-7,5	-5,7	-1,5
España					
Xeral	106,2	-2,0	-10,1	--	--
Bens de consumo	103,3	-1,6	-7,6	-0,4	-1,9
Bens de equipo	115,2	-5,1	-16,7	-1,3	-4,0
Bens intermedios	113,6	3,8	-8,9	1,1	-2,7
Energía	90,2	-7,5	-7,1	-1,5	-1,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Novembro 2020

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-4,9		-9,3		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	16,5	2,2	4,6	0,5	13,1
Confección de roupa de vestir	13,2	0,7	-16,3	-0,8	4,1
Industria da alimentación	3,3	0,4	-1,0	-0,1	13,2
Fabricación de material e equipamento eléctrico	28,5	0,4	-2,7	0,0	1,4
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	15,7	0,4	-12,1	-0,3	2,0
Fabricación doutro material de transporte	32,4	0,4	-27,4	-0,5	2,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	9,9	0,3	-3,3	-0,1	2,5
Outras industrias extractivas	5,4	0,1	10,3	0,1	1,1
Industria química	6,4	0,1	-5,8	-0,1	1,5
Outras industrias manufactureiras	-2,1	0,0	-22,0	-0,1	0,5
Industria téxtil	-3,4	0,0	-11,9	-0,1	0,6
Fabricación de mobles	-2,2	0,0	-20,5	-0,3	1,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-2,9	-0,1	-12,2	-0,5	3,6
Fabricación de bebidas	-4,4	-0,1	-33,1	-1,4	3,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-5,2	-0,1	-11,6	-0,3	2,6
Metalurxía; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	-3,9	-0,2	-6,3	-0,3	5,1
Industria do papel	-10,0	-0,2	-11,3	-0,3	2,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-21,1	-0,7	-11,1	-0,4	4,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-25,4	-2,4	-25,9	-2,6	7,7
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-24,6	-4,8	-1,5	-0,2	22,3
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Novembro 2020

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	106,2	-2,0	-10,1
Galicia	109,9	-4,9	-9,3
Andalucía	92,3	-6,4	-12,6
Aragón	107,9	-3,2	-9,7
Asturias	97,3	-6,0	-14,6
Balears (Illes)	68,4	-15,8	-22,1
Canarias	90,8	-6,2	-10,6
Cantabria	114,6	1,1	-10,7
Castilla - La Mancha	100,8	-6,7	-9,0
Castilla y León	105,2	1,7	-10,7
Cataluña	107,9	0,7	-10,3
Comunitat Valenciana	112,0	4,5	-7,1
Extremadura	110,6	26,4	-2,4
Madrid	109,9	-2,2	-7,5
Murcia	116,7	4,6	-2,5
Navarra	115,2	-9,8	-11,6
País Vasco	104,7	-9,0	-14,7
Rioja (La)	96,8	1,3	-13,2

Fonte: INE